

PAULINE NA PRAIA

Éric Rohmer, 1983

964

ESTREA EN NUMAX: 11.07.2022 | V.O.S.E. | +7

Pauline é unha adolescente de 15 anos que pasa o verán na costa atlántica francesa coa súa curmá Marion. Marion atópase alí con Pierre, un antigo amigo, que se sente atraído por ela. Porén, Marion prefere o aventureiro Henri, aínda que sabe que a súa relación con el será efémera. Mentres, tamén Pauline ten un romance... Terceira entrega da serie Comedias e proverbios de Rohmer.

«Un bo punto para comezar co traballo de Rohmer»

Isabella Trimboli, THE GUARDIAN



O momento do ano reservado para trabucarse.

Por Pablo Sánchez Blasco

A terceira entrega das comédias e proverbios de Éric Rohmer comeza e remata co plano fixo dunha cancela de madeira: o punto de acceso ao chalé onde residen as protagonistas e cuxa entrada nos habilita, e máis tarde clausura, a adolescente Pauline como actriz principal do drama. Esa verxa que se abre simboliza para nós os límites temporais do período vacacional e despexa e logo vela a nosa mirada como espectadores, formula un marco espacial concreto para os feitos e, sobre todo, reproduce o pano dun escenario de teatro, unha tarima na que se van debater os desexos e paixóns dos protagonistas.

Ante o cinema de Éric Rohmer resulta lóxico reparar e subliñar o concepto de realismo, a densidade dos seus diálogos, a materialidade das imaxes ou a aparente soltura coa que sitúa a cámara e os personaxes dentro dela. Pero Pauline na praia diríase un exemplo ideal para se deter en todo o contrario, no seu cinema exacto e exhaustivo, na súa mirada analítica, rigorosa, case matemática, baixo a que non existe nada abandonado ao azar. Esa historia de aprendizaxe e espertar sexual de Pauline e de fracaso e lección amorosa de Pierre, de autoengano e paixón variable de Marion, está composta dun intrincado xogo de oposicións e contrastes, de cruces e vaivéns desde o guión literario até o menor concepto da posta en escena.

Pauline na praia forma xunto a *A coleccionista* (1967), *Conto de verán* (1996), *O xeonllo de Claire* (1970) e *O raio verde* (1986) o quinteto de obras de Rohmer sobre a estación estival e se cadra son as máis icónicas de toda a súa filmografía. Porén, hai algo nesa época do ano que convida á reflexión e a filosofía tan propias de Rohmer, algo que relaxa as nosas certezas, que serve para redescubrir o corpo humano e ten un efecto desinhibidor das paixóns. Pero tamén o verán se describe como o tempo axeitado para a desorde e a falsa transparencia. É unha época de ledicias privisorias, de contraste entre a luminosidade da natureza e a escuridade dos sentimentos: o momento do ano reservado para trabucarse.

Neste caso, a praia e o verán non teñen tanto unha función de catalizadores do conflito como de testemuños da súa ficción. Hai unha harmonía cromática entre o vestuario de Pauline e a costa, entre os seus brancos e azuis, que relacionan a atmosfera diáfana das praias bretonas coa mirada sincera da adolescente. O espazo onde teñen lugar os seus engaños debe ser daquela a casa, seccionado entre o primeiro andar, como espazo do xogo e do desexo, e o segundo andar, reservado exclusivamente á sexualidade. A natureza incita a buscar o pracer, pero é no aspecto moral onde ten lugar o conflito.

Os diálogos da escena do salón, por exemplo, manifestan a maneira en que *Pauline na praia* recorre á palabra e mesmo á verborrea filosófica como sinónimo de enmascaramento. Os seus personaxes autoengañanse e sabotéanse a si propios, son seres que adoutrinan sen dicir a verdade ou chegando a verdades provisorias que axiña refutan cos seus comportamentos. Marion aseguro que, para ela, non hai amor se non pode ser eterno antes de se lanzar cara ao sedutor Henri. Igual que Adrien aseguraba n'*A coleccionista* que é importante non pensar mentres se torturaba analizando e vulgando a Haydée. O que naquel filme era representado a través de fugas e derivas pola costa francesa, en *Pauline na praia* toma a forma de cruces e persecucións continuas, de miradas cortadas por umbrais e fiestras nuns espazos labirínticos que, segundo o enredo se vai complicando, apreta como unha soga até facer estoupar a situación.